

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 22 DE MARZO DE 2024

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Don Alberte Lamazares Casero

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a vinte e dous de marzo de dous mil vinte e catro, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto

convocada, e sendo as dez horas trinta minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión ordinaria do día 19 de marzo de 2024, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- LICENZA DE OBRAS

- Miguel López Valladares

ANTECEDENTES

1. Don María Elena Somoza Calviño, na representación que ostenta no presente expediente de Don MIGUEL LÓPEZ VALLADARES, con DNI núm. [REDACTED] e con domicilio en

Lalín, solicita con data 21 de novembro de 2023 (RE-E núm. 687) licenza municipal para SUBSTITUCIÓN DE CUBERTA EN EDIFICACIÓN EXISTENTE, con emprazamento no lugar da Puza, parroquia de Negrelos.

2. Achéganse proxecto técnico básico e de execución (visado colexial núm. [REDACTED], do 06/06/23), redactado pola arquitecta Dona María Dolores Blanco Pouso.
3. O prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis (6) meses e o de execución das obras, non poderá exceder de doce (12) meses.
4. Constan no expediente os correspondentes informes xurídico e técnico emitido polo arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1. A intervención municipal ten o seu fundamento na competencia que lle confire o artigo 25.2 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), así como os artigos 5 e 8 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.
2. A actividade solicitada atópase entre as sometidas a licenza municipal previa conforme ao previsto nos artigos 142.2 a) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e artigo 351 do Regulamento da Lei do Solo de Galicia (RLSG).
3. As obras proxectadas sitúanse en terreos clasificados como "solo rústico de protección agropecuaria" polo PXOM en vigor.
4. Solicítase licenza para a substitución da cuberta dunha edificación existente, abarcando tanto o material de cobertura como o seu armazón estrutural.
5. As obras proxectadas comprenden a retirada do material de cobertura constituído por placas onduladas de fibrocemento e dos elementos a estrutura de madeira da cuberta, procedendo posteriormente á colocación de novos elementos estruturais prefabricados de formigón que servirán de apoio a novas placas onduladas de fibrocemento, sobre as que irá disposto o material de acabado constituído por tella cerámica da cor definida na

Guía de cores e materiais de Galicia – Tomo VII – Galicia Central, como 4040-E50R.

6. Resulta de aplicación a Disposición Transitoria primeira da LSG, na que se establece que ao solo rústico dos municipios con planeamento aprobado definitivamente con anterioridade a entrada en vigor da LSG e adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, aplicaráselles o disposto na LSG para o solo rústico, mantendo, en todo caso, a vixencia das categorías de solo contidas no planeamento respectivo.
7. A edificación obxecto das obras proxectadas é preexistente antes da aprobación definitiva do PXOM que non resulta plenamente compatible coas determinacións deste, xa que incumpre os usos admisibles no solo rústico, pero que non está incurso en situación de fóra de ordenación. Xustifícanse no proxecto as obras como de conservación que non varían o uso da edificación e non supoñen variacións das características esenciais do edificio nin alteración do lugar e o volume do edificado, polo que resultan obras permitidas polo artigo 89 das normas urbanísticas do PXOM e polo RSLG para as edificacións non plenamente compatibles coas determinacións do PXOM.
8. A referencia catastral do inmovible é 36047A076006340001AJ.
9. O orzamento de execución material das obras ascende á cantidade de ONCE MIL CINCOCENTOS CATRO EUROS CON VINTE CÉNTIMOS (11.504,20 €).
10. Nos solos rústicos de especial protección será necesario obter a autorización ou o informe favorable do órgano que teña a competencia sectorial correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal (artigo 36.2 LSG).
11. Consta no expediente o preceptivo informe favorable emitido con data 12 de febreiro de 2024 polo Servizo de Explotacións Agrarias da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural en Pontevedra.
12. Tendo en conta que as obras proxectadas atópanse situadas nunha parcela lindeira co trazado do “*Camión de Inverno a Santiago*”, segundo o trazado delimitado no Plan Básico

- Autonómico, solicitouse a preceptiva autorización da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.
13. Por resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 14 de novembro de 2023 outórgase a autorización solicitada, con condicionantes (expediente núm. ██████████)
 14. Seguiuse a tramitación prevista nos artigos 9 e seguintes do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, por remisión do artigo 143.2 LSG.
 15. O carácter regrado da licenza establecido pola doutrina e xurisprudencia determina que o Concello ven obrigado a conceder licenza urbanística se conforme a normativa aplicable é posible levar a cabo a actuación urbanística solicitada.
 16. Deberá liquidarse o Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, segundo ordenanza en vigor publicada no BOP núm. 248, do 29 de decembro de 1999, e a Taxa por licenzas urbanísticas, segundo ordenanza en vigor publicada no BOP do día 27 de decembro de 1989.
 17. O órgano competente é a Xunta de Goberno Local, por delegación do alcalde (Resolución do 9 de marzo de 2021).

Xa que logo, visto o anterior e de conformidade cos informes técnicos que obran no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- CONCEDER a Don MIGUEL LÓPEZ VALLADARES licenza municipal para SUBSTITUCIÓN DE CUBERTA EN EDIFICACIÓN EXISTENTE, con emprazamento no lugar da Puza, parroquia de Negrelos, con estrita suxeición ao proxecto técnico básico e de execución (visado colexial núm. ██████████, do 06/06/23), redactado pola arquitecta Dona María Dolores Blanco Pouso, coas condicións especiais seguintes:

- a) Esta concesión outórgase salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro e terán que cumprirse, de ser o caso, as condicións fixadas polos organismos con competencias sectoriais.
- b) Os prazos de inicio e execución comezarán a computarse dende a data seguinte ao recibo da notificación do presente acordo. Se as obras non se iniciasen ou se executasen durante os prazos

establecido ou ben, se interrompan por tempo superior a seis meses, procederase a declarar a caducidade da licenza, previa audiencia ao interesado. Non obstante, poderá solicitarse prórroga dos referidos prazos previa solicitude expresa formulada polo interesado e condicionada ao cumprimento das condicións establecidas no artigo 145.2 da LSG e artigo 359 do RLSG.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras pola cantidade de DOUSCENTOS TRINTA EUROS CON OITO CÉNTIMOS (230,08 €).

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación da Taxa por licenzas urbanísticas pola cantidade de CINCUENTA E SETE EUROS CON CINCUENTA E DOUS CÉNTIMOS (57,52 €).

3.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRAS

— Telefónica de España S.A.U.

Consta nas dependencias municipais a seguinte comunicación previa de execución de obras, presentada con data 4 de maio de 2023 (RE-E núm. 278), coas seguintes características:

DATOS DA SOLICITANTE

DENOMINACIÓN SOCIAL	TELEFÓNICA DE ESPAÑA S.A.U.
CIF	██████████
DOMICILIO SOCIAL	MADRID
REPRESENTANTE	COMFICA SOLUCIONES INTEGRALES S.A.
CIF	██████████

DATOS DA OBRA

OBXECTO	DOTACIÓN DE SERVIZOS TELEFÓNICOS
LUGAR	A FERVENZA
PARROQUIA	CAMBA

CLASIFICACIÓN SOLO PXOM	SOLO DE NÚCLEO RURAL SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN AGROPECUARIA
REFª CATASTRAL PARCELAS	36047A07006012 36047A07006009 36047A06700108 002500100NH82F 36047A06700118 36047A06700120
DOCUMENTACIÓN TÉCNICA	SI (Proxecto técnico redactado polo enxeñeiro de telecomunicacións Don Carlos M. Cuadrado Mañueco, en data 07/08/23)
PRAZO DE EXECUCIÓN	ONCE (11) DÍAS
INFORME URBANÍSTICO	SI (Informe do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, de data 20/03/24)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido nos artigos 146.1 LSG e 361.1 RLSG.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

Terceiro.- Para o caso de que os recúes dos apoios que se proxecten respecto das vías de comunicación fosen inferiores aos esixidos polos artigos 52 e 66.5. Apartado 10 das normas urbanísticas do PXOM (4 m. eixe e 1,50 m. do borde da vía), o operador deberá recuar os apoios da rede, pola súa conta e a solicitude do Concello, en caso de obras de ampliación, mellora ou modernización das vías públicas afectadas.

Cuarto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de

audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Quinto.- A comunicación previa presentada implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade do inmovible, ou os empresarios das obras, dos técnicos redactores do proxecto e directores das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación á documentación presentada.

4.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE PARA UN OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO PROMOVIDO CONXUNTAMENTE COS CONCELLOS DE DOZÓN E AGOLADA

O Sr. alcalde informa á Xunta de Goberno Local da Orde do 7 de febreiro de 2024 da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2024 (DOG núm. 38, do 22/02/24); e a conveniencia de solicitar dita subvención para un programa mixto de emprego e formación que ten por finalidade mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas de dezaioito ou máis anos de idade, mediante a realización de obras ou prestación de servizos de interese xeral e social que posibiliten aos alumnos e alumnas participantes a realización dun traballo efectivo que, xunto coa formación profesional para o emprego recibida, relacionada directamente con dito traballo, procure a súa cualificación profesional e favoreza á súa posterior inserción laboral no mercado de traballo. Preténdese dar continuidade á positiva experiencia dos obradoiros de emprego “Freixo I” e “Freixo II”, que se desenvolveron en anos anteriores e nos que participou este concello, conxuntamente cos municipios lindeiros de Agolada e Dozón. Nesta convocatoria o noso concello actuará como entidade promotora, representando ás tres entidades locais participantes.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Solicitar á Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade unha subvención económica, por importe total de CATROCENTOS ONCE MIL NOVECENTOS VINTE E OITO EUROS (411.928,00 €), para a realización do obradoiro dual de emprego denominado “*Terras de Camba I*”, conxuntamente cos concellos de Dozón e Agolada.

Segundo.- Aprobar o proxecto do obradoiro dual de emprego denominado “*Terras de Camba I*”, que inclúe as especialidades formativas de albanería e forestal, segundo a memoria do dito proxecto (Anexo III).

Terceiro.- Aprobar o convenio de colaboración marco para a xestión compartida do obradoiro de emprego “*Terras de Camba I*” entres os concellos de Rodeiro, Agolada e Dozón.

Cuarto.- Asumir, de conformidade co convenio de colaboración asinado, a condición de entidade promotora.

Quinto.- Comprometerse a levar a cabo as actuacións que se conteñen na memoria-proxecto, no suposto de ser beneficiario da subvención solicitada.

Sexto.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na Orde da convocatoria.

Sétimo.- Comprometerse a facer fronte aos gastos non subvencionados imputables a este ente local con cargo aos orzamentos municipais, no suposto de ser beneficiario da subvención solicitada.

Oitavo.- Facultar ao alcalde do Concello para que, na representación desta Entidade Local e dos concellos asociados, asine cantos documentos sexan precisos para a efectividade deste acordo.

5.- APROBACIÓN DO PROXECTO ANUAL DE SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS CORRESPONDENTE AO ANO 2024

Infórmase aos/ás Sres./as. concelleiros/as presentes da aprobación pola extinta Consellería de Traballo e Benestar do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu

financiamento (DOG núm. 63, do 30/03/12). Entre os cambios que introduciu o devandito Decreto está a substitución da convocatoria anual de subvencións por un proceso de transferencias anuais que incluíra un anticipo, nos primeiros catro meses do ano, dunha contía equivalente á metade do que os Concellos tiveran recibido o ano anterior. Aos citados efectos o artigo 43.1 do citado texto legal dispón a obrigaón anual das Administracións beneficiarias de presentar ante a Consellería competente un proxecto anual dos servizos sociais comunitarios correspondentes ao ano en curso, aprobado polo órgano competente da Administración Local.

Xa que logo, debidamente informados de canto antecede e de conformidade co informe emitido pola traballadora social municipal Dona María Lara Hermida Fernández en data 22/03/24, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o proxecto anual dos servizos sociais comunitarios correspondentes ao ano 2024.

Segundo.- Solicitar da Consellería de Política Social unha transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal por un importe global de TRESCENTOS UN MIL NOVECIENTOS SESENTA E UN EUROS (301.961,00 €), coa seguinte desagregación:

CONCEPTO	SUBVENCIÓN SOLICITADA
Traballadora social	33.630,00 €
Educadora social	16.815,00 €
Mantemento	500,00 €
SAF Básico	50.000,00 €
SAF Dependencia	200.016,00 €
Cooperación social	1.000,00 €
TOTAL	301.961,00 €

Terceiro.- Comprometerse a cofinanciar o mantemento e o desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal incluídos no proxecto anual presentado para a solicitude da transferencia finalista, na contía que exceda da concedida no seu caso pola Consellería de Política Social, a través de recursos procedentes de fondos propios, transferencias doutras administracións públicas e achegas dos usuarios dos servizos.

Cuarto.- Aprobar a memoria técnica de organización do Departamento de Servizos Sociais e as memorias técnicas por programas redactadas polos servizos sociais do Concello.

6.- CONCESIÓN DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOA CON DISCAPACIDADE

VISTA a solicitude presentada por Dona María Josefa Carreira Lois (RE núm. 345, do 15/03/24), e a proposta de resolución emitida con data 07/03/24 pola traballadora social do Concello Dona María Lara Hermida Fernández, quen acredita o cumprimento dos requisitos establecidos no Regulamento municipal para a concesión da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalidez, aprobado polo Pleno do Concello na sesión celebrada o día 30 de novembro de 2000 e publicado no BOP núm. 41 de data 27/02/01, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda a concesión da devandita tarxeta a favor de Dona MARÍA JOSEFA CARREIRA LOIS, con DNI núm. [REDACTED] veciña do lugar de San Paio, parroquia de San Paio de Senra.

7.- VENDA DE EFECTOS INÚTILES

O Sr. alcalde informa aos/ás Sres./as. concelleiros/as presentes da existencia duns antigos columpios infantís depositados ao carón da rúa D de Rodeiro que resulta conveniente retirar. Propón a venda de dito material desbotado a un interesado na súa recuperación e posta en valor para, por unha parte obter un pequeno rendemento económico da transacción, e pola outra evitar o custe que para o Concello tería o transporte de dito material a un xestor autorizado.

Debidamente informados de canto antecede, e de conformidade co previsto na Base de Execución 28ª do orzamento xeral do Concello para o exercicio de 2017, prorrogado a esta data para o ano 2024, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Autorizar a venda dos antigos columpios do parque infantil depositados ao carón da rúa D de Rodeiro a Don José Ramón Rodríguez Janeiro, con DNI núm. [REDACTED] e con domicilio no lugar da Latiza, parroquia de Álceme, polo prezo de DOUSCENTOS EUROS (200,00 €), correndo a costa do comprador o seu transporte.

8.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- TELEFÓNICA DE ESPAÑA S.A.U. 69,39 €
Por consumos de telefonía fixa, móbil e datos, s/factura núm. TA77Z0001066 (FACe).
- AGROCAMBA V. FARO S.L 140,00 €
Por subministro de luvas para as auxiliares do Servizo municipal de axuda no fogar (SAF), s/factura núm. 24FV 219.
- NOELIA MÍGUEZ VÁZQUEZ 159,34 €
Por charla impartida co gallo do 8M Día Internacional da Muller, s/factura núm. 9 – Subvención Pacto de Estado contra a violencia de xénero.
- DAVID MERELAS FIGUEROA 695,00 €
Por representación de espectáculo “*Non hai cousas de neno nin de nena, só de persoas*”, s/factura núm. 2024.15 (FACe) – Subvención Pacto de Estado contra a violencia de xénero.
- JAIME RODRÍGUEZ JORGE 638,88 €
Por diversos traballos de reparacións eléctricas no alumeado público do Concello, s/factura núm. 12/24.

- ALICIA MARÍA FERNÁNDEZ MOREIRAS 233,55 €
Por adquisición de libros para a biblioteca municipal de Rodeiro, s/factura núm. 01/24.
- EDICIONS SALÒRIA S.L. 50,86 €
Por adquisición de libros para a biblioteca municipal de Rodeiro, s/factura núm. 5/23.
- NOELIA NEIRA VÁZQUEZ 200,00 €
Por canxe de vale de compra de premiada no concurso de decoración do Nadal, s/factura núm. 3.
- MERCAHILBE S.L. 150,56 € E 200,02 €
Por canxe de vales de compra de premiadas no concurso de decoración do Nadal, s/facturas núm. 02000001 e 03000002.
- R.M. PRINT GALICIA S.L. 84,70 €
Por confección de lona para a Concellería de Deportes, s/factura núm. A/240069.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as once horas dez minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde,
(*sinatura dixital*)